

23 TIC

EDICIÓN DO CERTAME DE
**TEATRO
INTER
CENTROS**
DE COMPOSTELA E COMARCA

Representación das obras
de educación secundaria:
7, 8 e 21 de maio, 2018

Representación das obras
de educación primaria:
21 e 22 de maio, 2018

TEATRO PRINCIPAL



DATA	HORA	CENTRO: GRUPO DE TEATRO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO
S E C U N D A R I A					
07.05	10:30 h	I.E.S. EDUARDO PONDAL: «PROACTORS»	<i>Odisea polo universo de Agustín Fernández Paz</i>	80 MIN.	ESO
07.05	12:30 h	C.P.I. PLURILINGÜE EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN DE DODRO: «O GALIÑEIRO DE 2º DE ESO»	<i>A arboriña de Nadal</i>	45 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
07.05	17:30 h	I.E.S. ROSALÍA DE CASTRO: «ROSALÍA 1»	<i>Pelagatos</i>	60 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
07.05	20:00 h	I.E.S. ROSALÍA DE CASTRO: «ROSALÍA 2»	<i>Ágora</i>	60 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
08.05	10:30 h	I.E.S. ANTÓN FRAGUAS: «TEATRAN DO NO FRAGUAS»	<i>Universos de lectura</i>	65 MIN.	BACHARELATO
08.05	12:30 h	I.E.S. ANTÓN FRAGUAS: «TANTOMETÉN»	<i>As instancias da Morte</i>	60 MIN.	=> 3º DE ESO
08.05	17:00 h	I.E.S. PONTEPEDRIÑA: «T DE TEATRE»	<i>Over the rainbow</i>	50 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
08.05	19:30 h	I.E.S. ARZOBISPO XELMÍREZ I: «VAI NO DENTISTA»	<i>Punto de fuga</i>	55 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
21.05	18.00 h	C.P.I. DOS DICES-ROIS: «TEATRO DO PORVISO»	<i>A taberna do Chato</i>	120 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
P R I M A R I A					
21.05	10:30 h	C.E.I.P. DE ROXOS: «AULA DE TEATRO DO C.E.I.P. DE ROXOS»	<i>Restaurante Farruco</i>	40 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
21.05	11:30 h	C.E.E.PR. ASPANAES	<i>Así é o meu corazón</i>	20 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
22.05	10:30 h	COLEXIO SAN JORGE: «AULA DE SEXTO DO COLEXIO SAN JORGE»	<i>Monstros</i>	30-40 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
22.05	11:30 h	C.E.I.P. LÓPEZ FERREIRO	<i>Rillotes</i>	15 MIN	TODOS OS PÚBLICOS



ORGANIZAN

Coordenadora de equipas de Normalización Lingüística.
Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago.



SECUNDARIA

I.E.S. EDUARDO PONDAL:
«PROACTORS»

7 de maio ás 10:30 h



Odisea polo universo de Agustín Fernández Paz

Partindo de textos autobiográficos e de obras como “Amor dos quince anos” e “Contos por palabras”, o alumnado do IES Eduardo Pondal presenta unha aproximación/homenaxe ao “universo” de Agustín Fernández Paz. Humor, amor, crítica social, música, baile, un chisquiño de terror e moito, moito teatro.

80 MIN. / ESO

C.P.I. PLURILINGÜE EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN DE DODRO:
«O GALIÑEIRO DE 2º DE ESO»

7 de maio ás 12:30 h



A arboriña de Nadal

Un curioso conto de Nadal adaptado a partir da adaptación da obra de banda deseñada de Miguelanxo Prado do mesmo nome.

45 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

I.E.S. ROSALÍA DE CASTRO:
ROSALÍA 1

7 de maio ás 17:30 h



Pelagatos

A historia xira en torno á misteriosa relación entre dúas familias “extraordinarias”: os Briones e os Ojeda. Mentres os habitantes da casa Briones se ven invadidos por un desequilibrio preocupante que os levará ás máis disparatadas condutas, o misterio envolve a casa dos Ojeda: suicidios, asasinatos, armarios que se abren sos... O namoramento entre varios dos personaxes levaranos a descubrir segredos que se mantiveran ocultos durante anos.

60 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

I.E.S. ROSALÍA DE CASTRO:
ROSALÍA 2

7 de maio ás 20:00 h



Ágora

O oráculo profetiza e a Historia cumpre o seu mandato. A cidade de Tebas é testemuña do trágico destino que marca a vida dos seus monarcas. Por moito que Lzyo desafia a profecía ordenando que maten o seu propio fillo, non evitará que a maldición se estenda sobre a súa estirpe tinxindo de sangue a cada membro da súa caste.

60 MIN. / BACHARELATO

I.E.S. ANTÓN FRAGUAS:
«TEATRANDO NO FRAGUAS»

8 de maio ás 10:30 h



Universos de lectura

Espectáculo destinado a público infantil e familiar que está composto por varios contos nados da tradición oral, que foron adaptados ao teatro polo alumnado do grupo. Trátase de subxugantes historias interactivas

onde personaxes extravagantes, raros e divertidos provocarán que nos mergullemos nun torrente de aventuras, nunha fervenza de fantasía e nun manancial de xogo...

60 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

I.E.S. ANTÓN FRAGUAS:
«TANTOMETÉN»

8 de maio ás 12:30 h



As instancias da Morte

Os mortais son uns seres curiosísimos, pasan neste mundo apenas uns cantos anos e malgástanos complicándose a vida e preocupándose por cando lles chegará o momento da súa morte. E a MORTE mesma sorrí ante esta perspectiva, porque os mortais non poden nin imaxinar que o problema non é morrer. Morrer é sinxelo, moi sinxelo. O problema vén despois do falecemento, e implica unha gran cantidade de colas, esperas, documentos, selos e certificacións. E fio musical... Porque despois da morte, o que vos agarda é a BUROCRACIA.

65 MIN. / A PARTIR DE 3º DE ESO

I.E.S. PONTEPEDRIÑA

8 de maio ás 17:00 h



Over the rainbow

Conta a historia de tres familias que coinciden na sala de agarda para unha audición e proba de cámara coa esperanza de que os seus fillos se convertan en estrelas do cine, tv, publicidade... Cada unha das familias acude con unha motivación distinta: económica, a frustración dos pais como actores ou a vinganza entre exparellas. E os fillos, na gran maioría acceden obrigados. Outros, os menos, por vontade propia.

50 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

I.E.S. ARZOBISPO XELMÍREZ I:
«VAI NO DENTISTA»

8 de maio ás 19:30 h



Punto de fuga

O punto de fuga é un lugar xeométrico, impropio, situado no infinito, no que converxerían dúas rectas paralelas. Con esta obra Vai no dentista pretende demostrar que, en efecto, hai tantos puntos de fuga como lugares no espazo, e tantas perspectivas respecto do mundo e a educación como criterios e opinións, e que tal vez por iso o punto de fuga é evidentemente inalcanzable, e a confluencia das distintas opinións que se manifestan paralelamente ao noso redor non se dará nunca..., salvo no infinito.

55 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

C.P.I. DOS DICES-ROIS:«TEATRO DO PORVISO»

21 de maio ás 18:00 h



A taberna do Chato

O Chato é, en realidade, o fillo do Chato. Non está claro por que lle chamaban así, uns din que era porque lle gustaba beber o viño nesos vasos máis anchos que altos, aínda que outros din que o que

era máis ancho que alto era el...no que todos están dacordo é que non era porque tivese o nariz pequeno. O caso que o Chato fillo herdou o alcume e a taberna, renunciando aos seus soños de ser bailarín. E aí está, nunha aldea de tolos, na que cada día é diferente...

120 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

PRIMARIA

C.E.I.P. DE ROXOS: «AULA DE TEATRO DO C.E.I.P. DE ROXOS»

21 de maio ás 10:30 h



Restaurante Farruco

Restaurante Farruco é unha obra de teatro de un único acto, onde o texto xoga coa rima en todo momento, cun evidente enfoque humorístico e un ritmo magnífico. Como xa apunta o título, o que se amosa esta peza de teatro é unha xornada nun restaurante. Trátase dun xantar onde os comensais (unha parella e o rei) son atendidos polo camareiro Farruco e pola cocineira Siñá Manuela e o seu axudante.

40 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

C.E.E.PR. ASPANAES

21 de maio ás 11:30 h



Así é o meu corazón

A obra que van a representar os nosos alumnos está baseada na adaptación do conto “Así é o meu corazón” da autora Jo Witek. Neste libro os nenos abren as portas do seu corazón, para invitarnos a pasar por diferentes estados de ánimo, sensacións e sentimentos.

20 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

COLEXIO SAN JORGE: «AULA DE SEXTO DO COLEXIO SAN JORGE»

22 de maio ás 10:30 h



Monstros

Os monstros están no noso maxín, pero non sempre. Onde estarán os monstros dos nosos pesadelos, dos nosos libros, do noso cinema cando non os vemos? Pois nalgún lugar onde reunirse e falar das súas cuitas, dos seus desexos, da súa vida, do seu día a día, como faríamos calquera de nós.

30-40 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS

C.E.I.P. LÓPEZ FERREIRO

22 de maio ás 11:30 h



Rillotes

Un neno quere facerse rillote para poder ir as arrasadeiras, pero non é ben recibido polo grupo.

15 MIN. / TODOS OS PÚBLICOS